

Jocelyn Bel Burnell naceu nun pobo de Belfast, Irlanda do Norte (1943). Os seus pais, cuáqueros e moi cultos, sempre transmitiron á súa filla a paixón polo coñecemento, apoiando os seus estudos en ciencia en tempos onde as nenas eran educadas nos labores domésticos.

Cando creceu estudou unha licenciatura en física na Universidade de Glasgow e, ao terminar, logrou que a aceptasen na Universidade de Cambridge, unha das máis importantes de Inglaterra, onde se sentiu insegura (síndrome do impostor). Alí un doutoramento baixo a asesoría dun famoso astrónomo chamado Antony Hewish.



En 1969 analizando sinais dos radiotelescopios atopou uns sinais débiles pero moi regulares, como un pulso. Nun primeiro momento, os investigadores pensaron que a súa orixe podería estar relacionada cunha civilización alieníxena, un pouco en broma chamaban ao sinal LGM (Little Green Men), pero atopou máis e máis sinais e deuse conta que atopara outro tipo de estrela.

Despois dun tempo viu que este tipo de estrelas que atopou, emiten un forte sinal de radio nunha soa dirección e rotan a altísimas velocidades. Jocelyn Bell pensara chamar a estes novos obxectos co rechamante nome de “estrelas radiantes pulsantes”, pero un xornalista científico que a entrevistou propuxo simplificar o nome e chamalas “púlsares”.


Podemos pensar nos púlsares como faros cósmicos. Do mesmo xeito que os buracos negros, os púlsares nacen cando unha estrela morre.



Púlsar da [Nebulosa del Cangrejo](#). Esta imaxe combina imaxes del [telescopio espacial Hubble](#) (rojo), e imaxes en raios X obtidas por [Telescopio Chandra](#)

O descubrimento foi tan importante, que mereceu un premio nobel en 1974. Lamentablemente, este premio non se lle outorgou a Jocelyn Bell, senón ao seu asesor, Anthony Hewish. Por aquel tempo, como di Jocelyn, non se tomaba moi en serio o traballo dos novos doutorandos e menos se eran mulleres.

A pesar de non gañar o Nobel, é unha das científicas máis influentes do Reino Unido e recibiu outros galardóns. Entre eles, a medalla Herschel da Real Sociedade Británica de Astronomía en 1989 polo seu descubrimento dos púlsares ou a medalla de Ouro do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) en xuño de 2015... Actualmente é profesora visitante na Universidade de Oxford.



En 2018 gañou o **Breakthrough Prize**, que en español se podería traducir como “o premio aos grandes descubrimentos da ciencia”, un premio de tres millóns de dólares, e decidiu doar a maior parte do premio a mulleres provenientes de distintas minorías, que teñan un gran desexo de converterse en científicas

Biografías de Jocelyn Bell

- [Eu cambiei a astronomía para sempre. El gañou un Premio Nobel por iso.](#) (Documental de Ben Proudfoot para o New York Times)
- ["La mujer que descubrió los púlsares"](#) IAC
- ["El universo de Jocelyn Bell Burnell"](#) - Mujeres con ciencia
- [Jocelyn Bell: entre la poesía y la ciencia](#) UNAM
- [El «robo» premiado con un Nobel que acabó siendo portada de Joy Division.](#) Ángela Bernardo
- ["Jocelyn Bell Burnell"](#) - Wikipedia, a enciclopedia libre - Galipedia


Conversación coa astrofísica Jocelyn Bell, organizada pola Agrupación Astronómica Coruñesa Ío, dentro do XXIV Congreso Estatal de Astronomía. O diálogo, conducido pola astrofísica Ana Ulla, plantexa as preguntas que formularon diversas persoas.



https://youtu.be/xfgxS_fhkAs

Ademais de ser unha apaixonada científica a Jocelyn Bell tamén lle apasiona a poesía, principalmente con temas astronómicos. Poemas coma este da escritora Adrienne Rich, cuxa derradeira estrofa di o seguinte:

*Estiven parada toda a miña vida
na verea que me leva a unha orquestra de sinais
a máis exacta transmitía a maioría
das linguaxes intraducibles do universo.
Son unha nube galáctica tan profunda
que unha onda de luz podería tardar 16
anos en viaxar a través de min. E
tomoume como instrumento na forma
dunha muller tratando de traducir as pulsacións
en imaxes para alivio do corpo
e a reconstrución da mente.*



JOCELYN BELL



Ilustración de Adam McDade

*Inesperada
señal del universo.*

Faro estelar

Laura Morrón (Sciku)

Astrofísica descubridora dos púlsares

